ANTEPROXECTO DE LEI DE ESTATÍSTICA DE GALICIA
MEMORIA ECONÓMICA-FINANCEIRA. MEMORIA COMPLEMENTARIA

Expte.:2023/NG09

En relación coa memoria económica-financeira do anteproxecto de Lei de estatística de Galicia con data de referencia do 9 de xuño de 2023, cómpre puntualizar o apartado de impacto económico vencellado co funcionamento do Consello Galego de Estatística (CGE), órgano consultivo regulado no capítulo IV do título I, en cuxos artigos se prevé que:

- Formarán parte del 28 vogais designados polos axentes económicos e sociais (de considerarmos 3 universidades e 3 grupos parlamentarios).
- Actuará en pleno, comisión de coordinación ou comisión permanente.
- A comisión permanente estará integrada por once vogais elixidos polo pleno.
- Reunirase en pleno cando menos dúas veces ao ano e unha destas reunións poderase substituír pola da súa comisión permanente.
- O CGE poderá crear grupos de traballo coa participación de persoas non pertencentes a el, que deixarán de existir cando remate a misión para a que se crearon.

De ter en conta ademais que:

- O Regulamento de funcionamento interno do CGE, aprobado no pleno do 8 de xullo de 1997, prevé unha indemnización de 120,20 € por cada asistencia aos plenos, comisións e grupos de traballo, indemnización que non perciben as persoas contempladas nas letras a), b), c), p) e q) do artigo 19.
- O pleno do 27 de novembro de 2005 acorda a composición da comisión permanente con 4 vogais en representación dos axentes económicos e sociais.
- Nos quince últimos anos nos foi necesario ampliar o mínimo previsto de dúas reunións anuais para que o consello realizase as súas funcións.
- Os grupos de traballo só se reuniron con regularidade entre 1998 e 2006 para contribuír á redacción dos primeiros plans e logo, coa experiencia acumulada pola organización estatística, xa non se precisou deles para elaborar os seguintes.
- As funcións que o anteproxecto de lei lle atribúe ao CGE non varían significativamente.

Conclúese que no futuro, de celebrarse 2 plenos coa participación dos 28 vogais externos, resultaría un custe anual máximo de 6.731,20 €, que se financiaría con cargo ao capítulo II dos orzamentos do Instituto Galego de Estatística.

Secretaria Xeral do Instituto Galego de Estatística
Rosa Elvira Fernández González

CVE: h5kqnlXaGjQ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA

ANEXO

Funcionamento do Consello Galego de Estatística

Ano	Crédito inicial capítulo II (€)	Indemnizacións por asistencia (€)	nº reunións realizadas			
			Pleno	Comisión Permanente	Grupos de traballo	Total
1997	201.988	10.658	5	0	0	5
1998	194.944	3.593	2	0	1	3
1999	184.204	5.509	2	0	1	3
2000	214.255	8.862	2	0	4	6
2001	324.294	3.902	2	0	1	3
2002	378.386	3.902	2	0	1	3
2003	378.386	5.890	2	0	1	3
2004	387.210	5.890	1	0	1	2
2005	421.090	2.765	1	0	1	2
2006	445.962	3.967	1	0	1	2
2007	452.676	3.486	2	1	0	3
2008	461.730	1.638	1	1	0	2
2009	420.085	1.479	1	0	1	2
2010	381.323	2.885	2	0	0	2
2011	376.900	3.726	2	0	0	2
2012	373.070	2.524	1	1	0	2
2013	356.967	3.486	2	0	0	2
2014	339.119	1.563	1	1	0	2
2015	320.433	2.284	1	1	0	2
2016	320.433	1.803	2	0	0	2
2017	326.433	2.043	1	1	0	2
2018	331.445	2.765	1	1	0	2
2019	337.358	4.327	2	0	0	2
2020	337.358	2.524	1	1	0	2
2021	328.924	7.092	2	0	0	2
2022	333.724	2.885	1	1	0	2
Media anual	343.411	3.902				

Asinado por: FERNANDEZ GONZALEZ, ROSA ELVIRA
Cargo: Secretaria Xeral
Data e hora: 04/07/2023 12:40:13

CVE: h5kqrlXaGjQ1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve